

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

Grao en galego e portugués: Estudos lingüísticos e literarios

**Canonización e repertorios da literatura galega contemporánea
no ensino secundario obrigatorio: Análise de manuais de Lingua e
Literatura Galega de 4º da ESO.**

Ano académico 2020/2021.

Autora: Fátima Novo Díaz

Director: Roberto Samartim



Índice

0. Resumo	IV
1. Introducción	5
2. Descrición do corpus: presentación dos materiais	10
2.1. Editorial Anaya	14
2.2. Edicións Xerais de Galicia	15
2.3. Editorial Tambre — Grupo Edelvives	16
2.4. Editorial Rodeira — Grupo Edebé	17
2.5. Editorial Obradoiro	18
2.6. Editorial Galaxia	20
2.7. Xerme edicións — Grupo SM	20
2.8. Editorial Promocións Culturais Galegas	21
2.9. Baía edicións	22
3. Análise contrastiva dos manuais	23
3.1. O período da preguerra	23
3.2. O período da posguerra	30
3.3. O período da actualidade	39
4. Conclusións	52
5. Bibliografía	56

**6. Anexo 1: Exemplo de táboa para a descrición dos materiais que conforman a
población**

59

0. Resumo

No seguinte traballo analízase o canon e os repertorios da literatura galega contemporánea a través de diferentes libros de texto de Lingua e Literatura Galega do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria (ESO). Para iso, serán analizados dezaseis manuais didácticos de seis editoriais diferentes que nos permitirán comprobar a hipótese de atoparmos un canon fixo no caso da preguerra e da posguerra e un canon máis aberto no caso do período máis actual.

Unha vez levantada a información será realizado un traballo de exposición e descrición de datos e, finalmente, unha análise e discusión de materiais que servirá para contrapor e comparar diversos manuais didácticos e distintas edicións dunha mesma editorial.

Unha das principais conclusións que será extraída é a identificación dun canon fixo no caso da preguerra e da posguerra, ben no campo dos autores/as que foron escollidos para o estudo de cada etapa literaria ou ben no campo das composicións que foron propostas para comentario de texto. Por outro lado, é importante sinalar que o período da actualidade colócase máis á marxe desta situación e dependendo do libro de texto, da editorial e sobre todo da edición o número de autoras é cada vez máis alto, ao igual que o número de autores é máis irregular e non se presenta unha listaxe fixa. Isto vese, sobre todo, nas edicións máis novas, ou sexa, nas edicións do ano 2016 da editorial Rodeira e da editorial Baía.

Finalmente, tamén localizamos un canon bastante fixo e estábel de repertorios entre os que é relevante sinalar o social-patriotismo, o intimismo, o paisaxismo, o historicismo, a tradición, o vangardismo e a nova narrativa.

1. Introducción

O obxecto de estudo deste traballo é a análise dos repertorios e a canonización da literatura galega contemporánea no ensino secundario obrigatorio (ESO) a través da análise dos libros de texto de Lingua Galega e Literatura. O curso escollido foi 4º de ESO e a elección deste ano está baseada, maioritariamente, en que alén de ser o último curso do ensino obrigatorio, no seu currículo ten como obxectivo o tratamento da literatura galega contemporánea. Por outro lado, preferimos a análise da literatura deste período porque a hipótese de partida colócanos o feito de que o estudo do canon podía verse alterado e, por tanto aberto, no caso da etapa literaria máis actual.

Desta maneira, colocamos como obxectivos a organización de contidos e o recoñecemento dos principais repertorios utilizados durante os períodos establecidos nos materiais analizados e, ao mesmo tempo, estudaremos o grao de fixación do canon levando en conta o número de ocorrencias de cada obra e de cada autor/a en cada manual didáctico e en cada etapa literaria. A partir deste momento, serán valorados os catro xéneros canónicos (poesía, narrativa, ensaio e teatro) tendo en conta aos autores e autoras en cada período e en cada libro de texto que foi empregado para a análise. Por tanto, para a realización deste traballo estudaremos a estrutura dos libros de texto e obteremos unhas resultados determinados.

Neste estudo teórico-práctico serán utilizadas distintas ferramentas metodolóxicas que poden responder a dous grupos: as ferramentas procedimentais e as ferramentas conceptuais. As primeiras, como o *microsoft excell*, serán utilizadas para a elaboración das figuras que recollerán de forma estatística toda a información extraída dos manuais didácticos

que forman o corpus. As segundas, pola contra, fan referencia a diferentes conceptos como *canon*, *canonicidade dinámica*, *canonicidade estática*, *canonización* e *repertorio*. Así, o termo *repertorio* é definido por Even-Zohar (2017: 17) como “el agregado de leyes y elementos (ya sean los modelos aislados, ligados o totales) que rigen la producción de textos”. Pola contra, entendemos por *canon* “una lista o elenco de obras consideradas valiosas y dignas de ser estudiadas” (Sullá, 1998: 18) e diferenciamos entre *canonicidade estática*, que se define como a acción por medio da cal “un texto es aceptado como producto concluido y se lo inserta en un conjunto de textos santificados que la literatura (cultura) desea conservar”, e *canonicidade dinámica* recoñecida como o proceso mediante o cal “un cierto modelo literario logra establecerse como principio productivo en el sistema por medio del repertorio de éste” (Even-Zohar, 2017: 18). Finalmente, entendemos por *canonización* o proceso mediante o cal se atribúe valor a determinadas normas e obras literarias que serán aceptadas como lexítimas nunha cultura determinada, neste caso na galega (Even-Zohar, 2017: 14-15).

Tratarase dun traballo totalmente empírico que se realizará por medio da exploración de datos determinados a través da análise de diferentes manuais concretos. Formarán parte do corpus dezaseis libros que foron editados entre os anos 2008 e o 2016 en diversas editoriais como Xerais (3), Anaya (3), Obradoiro (2), Tambre - Edelvives (2), Rodeira (2), Promocións Culturais Galegas (1), Galaxia (1), Xerme (1) e Baía (1). Todos os textos desenvolven o decreto 133/2007 (2007) que fai referencia á Lei orgánica de educación (LOE) do ano 2006 ou o decreto 86/2015 (2015) que se identifica coa Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE) do ano 2013.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques en todas as etapas de educación secundaria. De acordo coa LOMCE é o bloque cinco (“Educación literaria”) o analizado para a realización desta investigación. A única diferenza entre o decreto 86/2015 e o decreto 133/2007 no quinto bloque da sección de Lingua Galega e Literatura de cuarto de ESO é que o período de preguerra comezará no ano 1900 e non en 1916. Os obxectivos, aínda coa instauración do novo decreto no ano 2015 seguirán sendo os mesmos e as actualizacións son mínimas. Isto verase ratificado nas diferentes edicións dos libros de texto dunha mesma editorial que serán examinadas ao longo deste traballo.

A abordaxe do corpus será realizada de maneira xeneralizada. Primeiramente, será lida e descrita toda a información recollida en cada libro de texto e, a partir de aquí, serán elaboradas diferentes táboas que sintetizarán a información sobre os autores e autoras máis nomeados, as etapas literarias ou os repertorios temáticos e estéticos. Serán establecidas distintas categorías para identificar os repertorios presentes nos libros de texto a partir dos fragmentos de diversas composicións de escritores e escritoras que son propostas para comentario de texto ou como exemplos para amosar as características principais de cada período que foron colocados polo grupo editorial de cada manual, e por tanto, examinaranse cales son os máis utilizados nos manuais didácticos que conforman o corpus. Do mesmo modo, serán creadas diferentes gráficas que servirán para visualizar a información de maneira relacional e para resaltar os datos recadados.

Os libros de texto que conforman o corpus divídense, de maneira irregular, entre lingua e literatura, e a segunda ocupa non moito máis dun terzo da materia de cada manual. Canto á sección de literatura, esta desdóbrase - levando en conta a cronoloxía - en distintas

etapas literarias atendendo a situación política galega (preguerra, posguerra e actualidade). A periodización lévanos, tras analizar os distintos manuais, a diferenciar dentro das tres etapas literarias que forman a literatura contemporánea, distintos bloques de contidos, coa correspondente sistematización de xéneros. Alén diso, todos os libros de texto conteñen exercicios teóricos ou prácticos que serven para asentir o coñecemento do alumnado.

Nesta altura, non se coñece ningún traballo ou artigo que teña como obxecto de estudo os repertorios e a canonización da literatura galega contemporánea nos libros de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO. Para alén disto, logo de consultar diversos repositorios bibliográficos non encontramos ningunha análise relacionada co noso obxecto de estudo, aínda que si que achamos artigos relacionados coa ensinanza de literatura no ensino obrigatorio. Este é o asunto de artigos como o traballo de Muriano Rodríguez & Mosquera Castro (2019) onde recoñecen a literatura como un acto comunicativo e, por tanto, fan especial fincapé na función social da literatura e no papel que desempeña a experiencia literaria na constitución da identidade persoal e sociocultural das persoas; o traballo de Xesús Rábades Paredes (1993) onde coloca a idea de que a literatura xoga un papel importante na valoración positiva do idioma galego; ou, finalmente, a publicación de Bieito Silva Valdivia, Pilar Piedra Buela, Xaquín Loredó Gutiérrez e M. Carmen Morán de Castro (2008) que nos amosa a preocupación existente na actualidade pola educación dos máis novos e pola asimilación do modelo da lingua e literatura galega aos modelos didácticos doutras linguas, poñendo insistencia na problemática da non normalización social da lingua galega.

O presente traballo estará dividido en catro capítulos. Para alén desta introdución, un segundo capítulo presentará unha descrición dos libros de texto que serán utilizados e un

terceiro capítulo que incluíra unha análise contrastiva dos diferentes materiais didácticos que conforman a poboación e nel serán expostos o canon de autores/as e obras que se prefiren en cada libro de texto así como os repertorios que representan o conxunto dos fragmentos propostos para comentario de texto. Este mesmo capítulo tamén servirá para discutir os materiais, noutras palabras, para contrapor os manuais didácticos e estudar os autores/ as que máis ou menos ocorrencias presentan, analizaremos a fixación do corpus para saber que libros de texto abren máis o canon e tamén será examinado a continuidade dos repertorios nas diferentes etapas literarias. Finalmente, o traballo incluíra unha conclusión onde serán fixadas as ideas principais extraídas da análise realizada nos manuais didácticos, onde comentaremos a utilidade das ferramentas utilizadas, onde analizaremos o papel levado a cabo por este traballo e tamén realizaremos unha pequena reflexión ligada a todo o aprendido durante a elaboración deste estudo.

Para a produción do capítulo 2, quero dicir, da descrición dos materiais, serán realizadas primeiramente unhas táboas que darán conta de toda a información recadada a partir da lectura pormenorizada dos libros de texto que conforman a nosa poboación. Por tanto, toda esta información recóllese en diversas táboas -unha por libro de texto- onde se empregan seis categorías distintas para clasificar toda a información. Desta maneira, localizaremos a etapa literaria, os xéneros literarios, as principais institucións, as obras propostas para comentario de texto e os repertorios de cada tema e de cada libro de texto, para poder analizalos e discutilos no seguinte apartado. Atopárase, no anexo deste TFG, un exemplo deste tipo de táboas.

Logo da descrición xeral dos dezaseis libros de texto que conforman o corpus, en realidade, fixamos unha poboación de quince manuais para a realización da análise contrastiva, xa que a terceira edición do libro de texto da editorial Xerais (2014) é unha segunda edición do material anterior e só serven para corrixir erros. Alén disto, tamén é importante mencionar que, como se verá a continuación, non se establecen grandes distincións entre as diversas edicións dunha mesma editorial, senón que normalmente serve para completar imprecisións que existen no exemplar anterior, para reducir a información ou para colocar obras literarias diferentes mais dun mesmo autor/a. Os libros de texto serán identificados atendendo ao nome da editorial que se encarga da súa publicación e ao ano da súa edición.

No capítulo 3, colocaranse diferentes figuras que servirán para establecer de maneira máis relacional e estatística a información abstraída dos manuais didácticos e das primeiras táboas que foron realizadas.

Para concluír, o obxectivo principal deste traballo é realizar unha análise xeneralizada do canon e dos repertorios que se utilizan no ensino da literatura galega contemporánea ao alumnado do último curso de educación secundaria obrigatoria. Desta maneira, realizarase unha reflexión sobre os datos recadados e analizados e serán estudadas, as relacións por xénero literario, os repertorios máis utilizados e os que máis continuidade recoñecen ou as obras máis utilizadas polos autores/as e directores/as dos libros de texto.

2. Descrición do corpus: presentación dos materiais

O principal obxectivo desta descrición aséntase na consecución dunha visión clara e de conxunto da literatura galega contemporánea estudada polo alumnado de 4º de ESO,

identificando os principais movementos literarios, os repertorios e as figuras consideradas máis representativas de cada período. Aínda así, parece importante sinalar que, de maneira xeral, non existe unanimidade de opinións á hora de conformar un canon de autores e autoras e de textos, aínda que existen movementos, escritores/as e composicións de referencia que amosan un maior número de ocorrencias nos diferentes manuais didácticos que foron analizados.

Todos os libros de texto que forman o corpus e que, por tanto, foron estudados conteñen unha sección teórica que localiza a situación social, política e cultural en que se desenvolve cada obra, xa que é unha información considerada determinante para a comprensión dela; noutras palabras, é relevante coñecer cal é a situación da lingua galega en cada etapa literaria para valorar cada composición de maneira individualizada ou o conxunto da produción literaria.

En primeiro lugar, semella interesante resaltar que a maioría dos manuais didácticos organizan os seus materiais teóricos atendendo ás tres etapas literarias que conforman a literatura contemporánea galega, ou sexa, dedican determinados temas á preguerra, á posguerra e á actualidade. Dentro deles atopamos unha breve síntese sobre a situación da sociedade galega en cada momento e, alén diso, o grupo editorial de cada libro de texto móstranos os autores/as e as obras consideradas máis importantes de cada etapa e os repertorios que os caracterizan. Máis alá disto, cada manual conta cunha parte práctica que inclúe diferentes actividades que serven para asentar os coñecementos teóricos na memoria do alumnado e para resolver, de maneira favorábel, a comprensión de diversos fragmentos propostos para comentario de texto. Levando en conta isto, chama a atención que só o libro de

Lingua e Literatura, 4º ESO da editorial Obradoiro (2008) adica ao xénero teatral o tema 12 e dentro del coloca as obras máis representativas de cada etapa literaria (preguerra, posguerra e actualidade), ou sexa, neste caso o tema responde ao xénero teatral e, a partir de aí, descríbense as etapas literarias.

Igualmente, é importante sinalar que, como xa mencionamos anteriormente, non todos os libros de texto dividen a materia atendendo a estas tres etapas sociais, políticas e literarias, senón que o manual editado por Baía no ano 2016 divide a literatura contemporánea en tres temas entendendo a preguerra como “A literatura galega desde comezos do século XX até 1936”, a posguerra como “A literatura galega desde 1936 até a Xeración dos 50” e a etapa máis actual inclúe “A literatura galega desde os anos 50 até a actualidade”. Desta maneira, podemos ver que neste material didáctico tamén realiza unha división tripartita e que, por tanto, as mudanzas só se dan na extensión da posguerra e da actualidade, acurtando o primeiro período e alongando o segundo. Fóra disto, todos os demais libros de texto establecen a mesma división, algo que favorece a análise que será realizada a continuación.

En moitas ocasións, sobre todo na etapa da actualidade, o canon proposto non é fixo e, por tanto, o número de autores/as é moito máis elevado, mais o espazo ofrecido en cada manual é menor. Antes de máis, é importante sinalar que os temas non están divididos de maneira equitativa, senón que a posguerra (38%) será, habitualmente, a etapa máis estudada e máis analizada e, por tanto a que máis temas comprenda, nos libros de texto que se atopan dentro da nosa poboación. Aínda así, é interesante destacar que a preguerra (34%) contén unha distribución semellante á da posguerra. Do mesmo modo, chama a atención que o período máis actual (28%) sexa o que menos espazo abarque, quizais porque o canon é máis

aberto e o estudo é realizado dunha maneira moito máis enciclopédica a través de listaxes de autores e obras.




Figura 1. Distribución dos períodos literarios nos manuais didácticos de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO
Fonte: Elaboración propia

Canto á sistematización dos xéneros literarios hai que sinalar que, de maneira sintética, a poesía e a narrativa son os xéneros máis cultivados polos autores e autoras referidos para a época contemporánea. Así, o ensaio e o teatro son os xéneros de que menos producións escritas se conservan e aos cales menos espazo se lles reserva nos manuais. A narrativa e a poesía son os dous xéneros máis estudados porque son os máis cultivados polos escritores/as considerados máis representativos das tres etapas literarias e son xéneros que se van actualizando ao longo do tempo e que, por tanto, teñen continuidade nos tres períodos literarios.




Figura 2. Distribución dos xéneros literarios nos libros de texto de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO
Fonte: Elaboración propia

A partir de aquí, será realizada unha descrición sintética dos manuais didácticos que conforman o corpus tendo en conta as editoriais que os producen. Por tanto, expoñeranse os principais datos extraídos dos materiais e poranse en relación atendendo as diversas edicións dun mesmo libro de texto dunha mesma editorial.

2.1. Editorial Anaya

Celia Díaz Núñez e Mercedes Seixo Pastor escribiron para a editorial Anaya tres edicións diferentes do libro de texto de Lingua e Literatura Galega de 4º ESO. Estas tres edicións correspóndense cos anos 2008, 2012 e 2016 e todas están divididas en doce temas.

As tres edicións teñen a mesma distribución canto ás etapas literarias, ou sexa, adican catro temas á preguerra, cinco á posguerra e tres á actualidade. O último tema do período literario da actualidade constitúe unha breve síntese sobre a literatura na rede onde introducen información sobre os novos *blogs* e proxectos dixitais. Por outro lado, tamén parece importante sinalar que os tres libros de texto adican o tema 3 á vida e obra de Castelao e que só a edición de 2008 e 2012 o fan con Blanco Amor no tema 5, mentres que a edición de 2016 introduce neste tema novos autores. Alén disto, localízanse unha maior cantidade de diferenzas na última edición porque inclúe autoras como María Mariño ou María Xosé Queizán (que xa localizamos na edición de 2012).

Neste caso, as tres edicións poden ser consideradas tres libros de texto diferentes porque presentan pequenas diferenzas, sobre todo, no relativo ás obras que son propostas para comentario de texto que, aínda que moitas veces pertencen ao mesmo autor, son diversas composicións que fan referencia aos mesmos repertorios, ou sexa, ao intimismo, social-patriotismo, denuncia social, tradicionalismo, paisaxismo, vangardismo, social-realismo,

humorismo, nova narrativa, historicismo, feminismo ou experimentalismo. Igualmente, en moitas ocasións, introducen ou recortan a presenza de diversos autores/ as como Alfredo Conde, Manuel Rivas, Marilar Aleixandre ou Suso de Toro que contan con maior espazo e atención na edición do 2008 e que na de 2012 ou 2016.

2.2. Edicións Xerais de Galicia

Agustín Fernández Paz é o responsábel das dúas edicións que forman parte da colección e que foron publicadas pola editorial Xerais de Galicia. Correspóndense cos anos 2008 e 2012.

A primeira edición está dividida en doce temas aos cales lle reservan unha sección literaria que non abarca moito máis dun terzo do libro. Os doce temas están desdobrados de maneira equitativa, ou sexa, adícanlle catro temas a cada período literario. Isto mesmo acontece no caso da edición de 2012, mais neste caso o manual está só dividido en nove temas.

O autor destes libros de texto dálle especial relevancia, en ambas as edicións, a autores/as como Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste, Luís Seoane, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Méndez Ferrín, M^a Xosé Queizán, Carlos Casares, Neira Vilas e Celso Emilio Ferreiro. Como a edición de 2008 é máis ampla, dálle centralidade a máis autores e hai que destacar que lle adican o tema 3 completo á vida e obra de Castelao. Máis alá disto, teñen maior presenza tamén autores como Luís Pimentel, Aquilino Iglesias Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Lorenzo Varela, Uxío Novoneyra, Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Xohana Torres e Manuel María.

Alén disto, presentan os mesmos repertorios que na maior parte dos libros de texto. Hai que resaltar o social-patriotismo, o tradicionalismo, o intimismo, o paisaxismo, o

existencialismo, o historicismo, o experimentalismo, o feminismo, o vangardismo e a nova narrativa.

2.3. Editorial Tambre — Grupo Edelvives

Da editorial Tambre - Edelvives contamos con dúas edicións diferenciadas. A primeira delas foi escrita por M^a Esther Ares Vázquez, M^a Asunción Canal Covelo e M^a Sandra Iglesias Fariña e foi publicada no ano 2012. Esta edición conta só con seis temas e localízanse actividades prácticas ben para asentar os coñecementos teóricos e ou ben para facilitar o comentario de texto do alumnado. O primeiro tema sobre literatura, ou sexa, o tema sete, preséntase como un tema introdutorio onde colocan as características da obra literaria (xénero lírico, narrativo, dramático ou teatral), unha síntese sobre a literatura galega e unha definición sobre novela. Alén diso, dos cinco temas restantes dous serven para estudar a preguerra, outros dous para posguerra e un para a etapa máis actual.

Por outro lado, a outra edición ten como principal editora a Noemí Álvarez Villar e foi publicada no ano 2016. Ao igual que a edición anterior, conta cun primeiro tema introdutorio que nos presenta a mesma información e a división de temas para os períodos literarios é a mesma. Alén disto, a sección de literatura recolle unha parte teórica coas características, os autores/as e as obras xulgadas como máis relevantes de cada período e unha parte práctica con textos que serven para exemplificar e pór en práctica os contidos teóricos. Para alén diso, o libro recolle tanto actividades teóricas como actividades prácticas e ao final de cada tema localízase un capítulo denominado “avaliación” que recolle novos textos. Ao final do libro preséntasenos un “anexo literario”.

Ambas as edicións destacan a vida e a obra dos autores Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Emilio Pita, Blanco Amor, Aquilino Iglesias Alvariño, Luís Pimentel, Xosé María Díaz Castro, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Manuel María, Antón Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Neira Vilas, Carlos Casares e Méndez Ferrín e só dunha autora, de María Xosé Queizán.

Canto aos repertorios, estas edición seguen o mesmo canon que todos os demais. Por tanto, destacan o social-patriotismo, o intimismo, o tradicionalismo, o paisaxismo, o feminismo, o existencialismo, o vangardismo e a nova narrativa.

Entre ambas as edicións prodúcense mudanzas nas obras propostas para comentario de texto, aínda que, na grande maioría conservan o autor/a e escollen outra das súas creacións xulgadas como máis representativas de cada etapa literaria.

2.4. Editorial Rodeira — Grupo Edebé

A editorial Rodeira confía en Antonio Garrido González para liderar o proxecto de ambas as edicións publicadas nos anos 2008 e 2012. Os libros de texto divídense en nove temas que adican á literatura unha pequena sección e que se dividen de maneira equitativa entre as tres etapas literarias, noutras palabras, encontramos tres temas por período.

En ambas as edicións, Antonio Garrido, dálle centralidade a Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Vicente Risco, Castelao, Álvaro Cunqueiro, Carvalho Calero, Blanco Amor, Pilar Pallarés, Manuel Rivas e Manuel Lourenzo. Localizamos diferenzas entre unha edición e outra á hora de escoller as personalidades a quen o autor prefire dar relevancia. Así, na

edición de 2008 dá maior presenza a autores como Amado Carballo, Bouza Brey, Otero Pedrayo, Uxío Novoneyra, Méndez Ferrín, Carlos Casares, a Daniel Cortezón, Xavier Seoane, Miro Villar, Darío Xohán Cabana, Suso de Toro, Cándido Pazó e só a tres mulleres Yolanda Castaño, Teresa Moure, Inma A. Souto. Pola contra, na edición de 2012 contan con máis espazo Ánxel Fole, Neira Vilas, Lois Pereiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Euloxio R. Ruibal e Roberto Vidal Bolaño e só acrecenta a presenza feminina coa autora Xohana Torres.

Non establecen grandes distincións en canto aos repertorios, senón que segue o mesmo patrón que o resto de libros de texto. Atópanse fragmentos de textos de obras de diversos autores/as que fan referencia aos repertorios do tradicionalismo, do social-patriotismo, do intimismo, do paisaxismo, do humorismo, do historicismo, do experimentalismo, do feminismo, do vangardismo e da nova narrativa.

Ambas as edicións teñen elementos en común, mais neste caso as diferenzas son máis grandes que as similitudes polo que será necesario consideralos como dous libros de texto distintos, a pesar de que foron escritos polo mesmo autor e con só catro anos de distancia.

2.5. Editorial Obradoiro

A editorial Obradoiro coloca Daniel Asorey Vidal como principal autor de ambas as edicións do libro de texto de *Lingua e Literatura, 4ºESO* publicadas no ano 2008 e 2012, respectivamente. Ambas as edicións están divididas en doce temas que conteñen unha sección literaria que abarca un terzo do libro. Dos doce temas, catro serven para examinar a etapa da preguerra, cinco para a posguerra, dous para a actualidade e, de maneira excepcional, o último

tema abarca, como mencionei máis arriba, o xénero literario do teatro e coloca información sobre os tres períodos literarios.

Daniel Asorey dá centralidade en ambas as edicións, na preguerra e a na posguerra, aos autores Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio, Amado Carballo, Cunqueiro, Bouza Brey, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Bernadino Graña, Méndez Ferrín, Blanco Amor, Ánxel Fole, Carlos Casares e Neira Vilas. O período de actualidade preséntase fundamentalmente en ambas as edicións como unha listaxe de xeracións (como a xeración dos 80 e a dos 90), anos e autores/as sen dar especial relevancia á obra de ningún escritor/a de maneira específica.

Os repertorios que se localizan nestas edicións son, principalmente, o social-patriotismo, tradicionalismo, paisaxismo, social-realismo, intimismo, humorismo, denuncia social, o feminismo, o historicismo, o existencialismo, o vangardismo e a nova narrativa.

Ambas as edicións conteñen diferenzas moi escasas que se basean, fundamentalmente, na escolla das propostas para comentario de texto que, nalgunhas ocasións varían dunha edición a outra coa introdución dun fragmento doutra composición dun mesmo autor ou, en ocasións, insírense novos textos para completar as propostas de comentario de texto. Isto é o que pasa, por exemplo, coa introdución de *Os camiños da vida* de Otero Pedrayo no tema un da edición do ano 2012. Así, pódese considerar que o obxectivo principal da nova edición é resolver imprecisións da primeira edición mais sen incluír grandes mudanzas.

2.6. Editorial Galaxia

Dolores Vilavedra e Henrique Monteagudo son os encargados de coordinar a edición do libro da materia de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO do ano 2012. O manual didáctico preséntase dividido en doce temas que lle adican unha sección á literatura. Alén disto, cada catro temas localízase unha sección denominada “Invitación a ler” que recolle distintas recomendacións de lectura que se corresponden co período estudado na etapa anterior.

No caso deste manual, o primeiro tema presenta o significado e o contexto da literatura galega dos séculos XX e XXI, algo que consideramos moi importante para o coñecemento da situación social do galego no momento da publicación de cada obra literaria. Os outros once temas, divídense de maneira irregular adicando só tres á preguerra e catro á posguerra e á actualidade.

A editorial Galaxia dá maior presenza a Blanco Amor, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Neira Vilas, Méndez Ferrín, Carlos Casares, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal e Roberto Vidal Bolaño e só a dúas autoras, Xohana Torres ou María Xosé Queizán.

Finalmente, é importante sinalar que presenta, ao longo das tres etapas literarias, diferentes repertorios como o vangardismo, a metaliteratura, a nova narrativa, o a social-patriotismo, intimismo, paisaxismo, tradicionalismo e historicismo.

2.7. Xerme edicións — Grupo SM

Esta editorial confía a Ramón Mariño o traballo da presentación dun novo libro de texto de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO e foi publicado no ano 2012. O libro está dividido en

doce temas e a sección de literatura abarca unha pequena parte de cada tema. Por outro lado, é importante sinalar que dos doce temas, catro están adicados a analizar a etapa literaria da preguerra, cinco á etapa da posguerra e, finalmente, os últimos tres tratan o momento literario da actualidade.

Neste caso, a editorial Xerme decide prestar especial relevancia a Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Ánxel Fole, Cunqueiro, Luís Pimentel, Xosé María Álvarez Blázquez, Aquilino Iglesias Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xohán Casal, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Camilo González Suárez-Llanos, Carlos Casares e Méndez Ferrín. Alén destes autores, encontramos a María Xosé Queizán como a autora á que este grupo editorial dá maior centralidade e, por tanto, ten grande presenza neste manual didáctico. Non é a única autora nomeda, mais si que é da única de que presenta a súa vida e obra.

En último lugar, hai que resaltar a presenza de repertorios como o social-patriotismo, o tradicionalismo, o paisaxismo, o existencialismo, o intimismo, o feminismo, o historicismo, o vangardismo ou a nova narrativa.

2.8. Editorial Promocións Culturais Galegas

A editorial Promocións Culturais Galegas escolle Fernando Díaz Castroverde Gómez, Serxio Iglesias Rodríguez e Eva Linhares Becerra para a edición do libro de texto de Lingua e Literatura Galega do ano 2008. Este manual didáctico está dividido en nove temas, que se desdobran de maneira equitativa entre as tres etapas literarias, noutras palabras, tres temas por período, e recolle a sección literaria baixo o título de “Literatura, Follas Novas”. Alén disto, ao final existe unha escolma de textos que serven para que o grupo de estudantes se acerque aínda máis á obra dos autores/as máis referidos de cada período literario.

Neste libro de texto adican unha sección determinada aos autores Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Ánxel Fole, Cunqueiro ou Blanco Amor, que encontramos dentro do canon fixo da literatura da preguerra e da posguerra. O período de actualidade é tratado de maneira máis xeral e recóllense listaxes de escritores e escritoras que fan parte de diferentes grupos -como o grupo Abrente- e xeracións -como a dos anos 80 ou a dos 90-, mais non se centra na obra de ningún deles en particular. No centro deste manual didáctico non localizamos a vida e a obra de ningunha autora.

De entre os repertorios, volven resaltar o intimismo, o humorismo, o feminismo, o paisaxismo, o experimentalismo, o existencialismo, o social-patriotismo, o historicismo, o vangardismo, a nova narrativa e a metaliteratura.

2.9. Baía edicións

O libro escrito por Xoán López Viñas, Cilha Lourenço Mória e María Vilariño Suárez foi publicado no ano 2016 pola editorial Baía e reserva para a literatura só tres temas, ou sexa, un para cada etapa literaria. É un dos libros que máis se afasta do canon fixado polos restantes manuais de Lingua Galega e Literatura.

Xoán López Viñas, Cilha Lourenço e María Vilariño colocan no centro do seu libro de texto aos autores Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Xaime Quintanilla, Vicente Risco, López Cuevillas, Castelao, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Rafael Dieste, Luís Seoane, Antón Alonso Ríos, Silvio Santiago, Varela Buxán, Ramón Valenzuela, Blanco Amor, Cunqueiro, Ánxel Fole, Celso Emilio Ferreiro, Neira Vilas, Méndez Ferrín, Carlos Casares, Manuel Lourenzo, Uxío Novoneyra, Manuel María, Álvarez Cáccamo, Suso de Toro, Manuel Rivas e Raúl Dans. Alén destes autores, presentan tamén unha presenza relevante até cinco

autoras como Xohana Torres, María Xosé Queizán, Teresa Moure, Luz Pozo Garza e Yolanda Castaño.

Por último, é importante mencionar entre os repertorios o feminismo, o intimismo, o paisaxismo, o social-patriotismo, o tradicionalismo, o humorismo, o experimentalismo, o historicismo, o vangardismo, a metaliteratura e a nova narrativa.

3. Análise contrastiva dos manuais

Unha vez descritos os contidos de todos os libros de texto que conforman a población, serán examinados os datos máis relevantes de cada período literario. Para iso, esta sección estará dividida atendendo a cada etapa literaria (preguerra, posguerra e actualidade) e dentro de cada subepígrafe será elaborada unha análise contrastiva do tipo de canon literario que presenta, ben sexa polos autores/as ben polas obras literarias que se presentan en cada manual didáctico e serán estudados os repertorios que mostren continuidade nos tres períodos e os que, pola contra, resultan máis novidosos.

3.1. O período da preguerra

A preguerra é unha etapa literaria que abranxe desde o ano 1900 até o inicio da Guerra Civil no ano 1936. Neste momento nacen as Irmandades da Fala (1916) co obxectivo de defender e promover o idioma e a cultura galega e para fomentar o cultivo de composicións literarias neste idioma. Isto é algo que tamén se verá reflectido nos repertorios máis actualizados polos autores desta época e que, por tanto, son máis estudados nos manuais didácticos de 4º de ESO. Esta institución adquire centralidade en todos os manuais didácticos e dela, da súa

evolución, dos seus obxectivos e dos axentes que a conforman falarase ao longo dos primeiros temas da preguerra.

Na época da preguerra os manuais establecen un canon estático onde se presenta, habitualmente, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo ou Rafael Dieste de maneira equitativa en todos os manuais didácticos. Castelao (1886-1950) é un dos autores máis estudados e analizados polos grupos editoriais pola súa traxectoria literaria e moitos dos libros de texto que foron examinados reservan un tema específico da preguerra para a obra deste autor, tanto para a narrativa, o teatro, o ensaio como para a obra gráfica que se coñece. Dentro dos quince manuais didácticos hai que sinalar dentro do grupo de libros que adican un tema a Castelao: Xerais (2008), Xerme (2012) e Anaya (2008, 2012, 2016). Do mesmo modo, Cunqueiro (15), Amado Carballo (13), Fermín Bouza Brey (13) e Manuel Luís Acuña (8) serían os encargados de completar este canon fixo, xa que están, polo menos, na metade dos manuais que foron examinados. Por outro lado, existen autores como Noriega Varela, López Cuevillas, Losada Diéguez e Blanco Amor que tamén son estudados en máis dun exemplar. Concretamente, Noriega Varela aparece en Obradoiro (2008, 2012), Anaya (2008, 2012, 2016) e Galaxia (2012); López Cuevillas en Promocións culturais galegas (2008), Anaya (2008, 2012, 2016), Tambre (2016) e Baía (2016); Losada Diéguez en Anaya (2008, 2012, 2016) e Blanco Amor en Anaya (2008, 2016) e Xerme (2012). Entre os autores que máis se afastan do canon fixo e que só aparecen nun único libro - Baía (2016) - colócase Xaime Quintanilla, López Abrente, Ramón e Antón Villar Ponte, Marcelino Mesquita e Leandro Carré Alvarellos. Por outro lado, Crecente Vega e Aquilino Iglesias Alvariño só os localizamos no libro editado por Promocións culturais galegas no ano 2008.




Figura 3. Distribución da presenza dos autores de preguerra nos libros de texto de Lingua Galega de Literatura de 4ºESO
Fonte: Elaboración propia

Se trocamos o obxecto de análise, que estaba situado no número de ocorrencias de cada autor que conformaban o canon da preguerra, e nos centramos no xénero dos autores, é importante reparar en que todos os escritores, tanto os máis referenciados como os que menos o están nos manuais didácticos de 4º de ESO, son todos de xénero masculino. Todo isto poderase ver moito máis claro na Figura 3, onde os autores están colocados por número de aparicións o que fai máis comprensíbel a información recadada.

Canto ás obras, é importante destacar que o canon que conforma non é tan fixo como no caso dos autores, senón que en moitas ocasións amósanse obras diferentes, dun mesmo escritor, dependendo da editorial encargada da elaboración do manual didáctico, como se poderá ver na Figura 4. Aínda así, existen fragmentos de composicións que se repiten en oito ou máis libros e que podemos considerar como parte do canon. Este é o caso da obra poética *De catro a catro* (13) de Manuel Antonio; *Cantiga nova que se chama Riveira* (10) de

Cunqueiro; *Da terra asoballada* (9), *Na noite estrelecida* (8) ou *Vento Mareiro* (8) de Cabanillas e *Proel* (8) de Amado Carballo, a obra narrativa *Arredor de si* (12) de Otero Pedrayo, *Cousas* (12) de Castelao e *O porco de pé* (9) de Vicente Risco, a obra ensaística *Sempre en Galiza* (12) de Castelao ou algún fragmento do manifesto *¡Máis Alá!* (8) de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro. Así mesmo, entre as obras que menos representación teñen atópanse o discurso *Alba de Gloria* de Castelao en Obradoiro (2012), a obra poética *Con anacos d'o meu interior* de Manuel Antonio en Baía (2016), *Romances galegos* de Blanco Amor en Anaya (2016) e *Mar ao norde* de Cunqueiro en Rodeira (2012); a obra narrativa *A velliña vella* de Risco en Xerais (2008), e *Entre a vendima e a castañeira* de Otero Pedrayo; a obra de teatro *A lagarada* de Otero Pedrayo e *Donosiña* de Xaime Quintanilla en Baía (2016) e, finalmente, a obra ensaística *Nacionalismo gallego* de Vilar Ponte en Tambre (2016) e *Teoría do nacionalismo galego* de Risco en Baía (2016).

Para alén de todas as obras que mencionamos anteriormente, é relevante sinalar que tamén localizamos fragmentos de tres composicións literarias de tres autores diferentes e en tres manuais diversos de 4º de ESO, na época de preguerra, que foron publicadas fóra dos anos que fan referencia a este período, mais son colocadas polos grupos editoriais para aludir a toda a obra dos autores. Estas tres obras son *Era tempo de apandar* en Obradoiro (2012), *Sombra do aire na herba* en Tambre (2016) e *Samos* en Baía (2016).




Figura 4. Distribución das obras de preguerra nos manuais didácticos de 4º de ESO

Fonte: Elaboración propia.

Levando en conta a Figura 4, tamén é posíbel colocar como obxecto de análise cal dos xéneros literarios é o que máis reiteradamente se propón para comentario de texto na etapa da preguerra. Ao igual que a poesía e a narrativa son os xéneros máis referidos, de maneira xeral, polos grupos editoriais dos manuais didácticos, ambos os xéneros son os máis suxeridos para ser analizados polo alumnado de 4º de ESO. Do mesmo modo, como os xéneros menos estudados son o teatro e o ensaio, tamén son os que menos representación práctica presentan nos libros de texto. Das 46 obras que se localizaron como proposta de comentario de texto nos quince manuais que conforman a población, o 39% son fragmentos de composicións poéticas, 37% de obras narrativas, 13% de textos ensaísticos e só 11% de creacións dramáticas. Todo isto aparecerá demostrado, estatisticamente, na seguinte figura.




Figura 5 .Distribución dos xéneros literarios das obras comentadas no período de preguerra nos libros de texto de 4º ESO
Fonte: Elaboración propia.

Atendendo ás Figuras 4 e 5, alén de extraer a idea de que a poesía e a narrativa son os xéneros literarios máis estudados, podemos confirmar que tamén son os xéneros que máis variación admiten á hora de presentar diferentes obras de varios autores. Así, ao igual que na Figura 3, os autores que máis presenza teñen nas propostas para comentario de texto, alén de que sexan diferente obras, son Risco (9), Cabanillas (7), Castelao (7), Pedrayo (5) e Manuel Antonio (4).

Finalmente, dentro da preguerra tamén é interesante mencionar cales son os repertorios máis característicos que actualizan a maior parte das obras analizadas que foron propostas como comentario de texto polos autores e autoras dos manuais. Dentro destes repertorios, o que máis resalta é o vangardismo que está presente en todos os manuais didácticos que forman a población e onde se inclúe tanto o creacionismo e o hilozoísmo (imaxinismo), como o neotrobadorismo ou o modernismo. Todos estes -ismos encóntranse dentro das novas tendencias poéticas da vangarda do século XX.

Do mesmo modo, tamén está moi representado o repertorio do social-patriotismo, en que se inclúe a defensa da identidade galega e da lingua galega, a ideoloxía do nacionalismo galego que nace nesta época coa constitución das Irmandades da Fala no ano 1916 e a denuncia das inxustizas sociais que fan referencia á realidade da sociedade galega das primeiras décadas do século XX. Ligado ao social-patriotismo, localízanse obras literarias que serven para establecer unha denuncia social. A pesar do modernismo e do nacemento das novas tendencias poéticas, non abandonan de maneira inmediata os textos sobre a tradición celta e as lendas medievais onde a materia de Bretaña e o ciclo artúrico están moi presentes.

A continuación, colocaremos a Figura 6 que recolle, de maior a menor, os repertorios máis referidos polo grupo editorial dos diferentes manuais didácticos para seren estudados e analizados polo alumnado. Desta maneira, semella importante sinalar que se considera que o vangardismo e o social-patriotismo son as tendencias máis relevantes en 4º de ESO. O humorismo (3) e o paisaxismo (4) son os repertorios menos referidos nos libros de texto que conforman a población, Así, acharanse alusións de ambos os dous repertorios en Obradoiro (2008, 2012) e Anaya (2012, 2016) e só do segundo en Anaya (2008).




Figura 6. Distribución dos repertorios referidos de preguerra dos manuais didácticos de Lingua Galega e Literatura de 4º ESO
 Fonte: Elaboración propia.

3.2. O período da posguerra

Co estalido da Guerra Civil Española e o consecuente exilio e morte de millóns de persoas, a produción literaria diminuíu. Non foi até a década de 40 cando se volveu a producir en lingua galega. Neste momento é cando comeza a etapa da posguerra, que abarcará até o ano 1975, cando remata coa morte do ditador Francisco Franco.

A posguerra conta con un canon amplo formado por 41 autores e autoras e presenta unha modelo bastante estático e igualitario nos quince manuais didácticos que forman a poboación que serve de base para esta análise. Blanco Amor, Neira Vilas, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Ánxel Fole son os cinco autores que aparecen analizados en todos os libros de texto que foron estudados. Igualmente, é importante amosar que este canon complétano Carlos Casares (13), Méndez Ferrín (13), Manuel María (11), Uxío Novoneyra (11), Aquilino Iglesias Alvariño (10), Xohana Torres (10), Bernardino Graña (10), Luís Seoane (10), Xosé María Díaz Castro (9), Luís Pimentel (8), María Xosé Queizán (8), Carballo Calero (8) ou Lorenzo Varela (8), xa que aparecen en oito ou máis libros.

Só se localiza a vida e a obra de Xohana Torres e María Xosé Queizán, e non de maneira unánime en todos os libros de texto, senón que hai algúns como Xerais (2008), Promocións culturais galegas (2008), Rodeira (2008), Xerme (2012) e Baía (2016) que non colocan á primeira autora e outros como Anaya (2008), Xerais (2008), Obradoiro (2008, 2012), Rodeira (2008), Promocións culturais galegas (2008) e Baía (2016) onde non localizamos María Xosé Queizán.

Tamén parece interesante mencionar que hai trece autores/as que aparecen unicamente unha vez, o que nos deixa a idea de que eses libros de texto son os que máis se afastan do canon literario fixado polo resto da poboación. Estes autores son Ramón Piñeiro, Xoán Rof Carballo e Celestino Fernández de la Vega que aparecen no libro editado por Galaxia no ano 2012, Jenaro Marinhas (en Promocións culturais, 2008), Daniel Cortezón e Euloxio R. Ruibal (en Rodeira, 2008) e Xosé María Álvarez Blázquez (en Xerme, 2012). O manual didáctico de Baía (2016) é o libro que máis innovacións introduce e que, por tanto, máis se afasta do canon fixo con autores e autoras como Xosé Trapero Pardo, María Mariño, Varela Buxán, Antón Alonso Ríos, Ánxel Sevillano e Daniel Pernas Nieto. Neste caso, o grupo que edita este manual prefire referenciar a vida e a obra da autora María Mariño.




Figura 7. Distribución dos autores/as de posguerra estudados nos manuais didácticos de 4º de ESO

Fonte: Elaboración propia.

De termos como obxecto de análise o xénero dos autores/as, a diferenza da preguerra, na posguerra contamos con figuras femininas que se introducen no canon literario, mais non teñen moita presenza. Nos libros de texto que forman a poboación non se nos presenta como proposta de comentario de texto a obra dunha autora de maneira unánime. Así, parece importante sinalar que a autora que máis representación adquire na posguerra é Xohana Torres que se localiza en 10 dos 15 libros de texto que conforman a poboación. Por outro lado, tamén se localiza María Xosé Queizán (8), Luz Pozo Garza (6) e María Mariño (1) con representación nalgún dos quince manuais didácticos que foron analizados, ben de maneira teórica, ben como proposta para un exercicio práctico. Aínda así, parece importante sinalar que dos 41 escritores e escritoras que conforman o canon literario, só 4 son mulleres (9,75%).

En canto ás obras de autoría feminina ou masculina presentadas polos grupos editoriais para a elaboración do comentario de texto por parte do alumnado, non se recoñece ningunha que sexa común a todos os libros de texto e, por tanto, o canon neste caso é moito máis dinámico. Do mesmo modo, parece importante sinalar que o canon de obras literarias está formado por 88 pezas e delas, só 11, son de autoría feminina (12,5%), das catro autoras que foron mencionadas con anterioridade.

Levando en conta o número de reiteracións de cada composición literaria proposta para actividade práctica pódense extraer diferentes informacións. O único manual didáctico que non coloca un fragmento da obra *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro é o editado por Promocións culturais galegas no ano 2008. Alén disto, existen obras como *A esmorga* de Blanco Amor (13), *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro (11), *Vento ferido* de

Carlos Casares (11), *Á lus do candil* de Ánxel Fole (10), *Os eidos* de Uxío Novoneyra (10), *O crepúsculo e as formigas* de Méndez Ferrín (9), *Fardel do eisiliado* de Luís Seoane (8), *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro (8) e *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas (8) son as composicións con máis número de ocorrencias nas propostas a comentario de texto destes manuais, mínimo en oito dos libros que conforman a población de quince. Dentro das obras propostas para comentario de texto que máis veces se repiten nos manuais didácticos non se encontra ningunha peza de autoría feminina. Por tanto, é relevante sinalar que dentro das 88 obras que conforman o canon literario da posguerra, só 11 (12,5%) [*A orella no buraco* (7) e *Amor de Tango* (1) de María Xosé Queizán; *Do sulco* (5), *Tempos de ría* (4), *Estacións ao mar* (1) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1) de Xohana Torres; *Prometo a flor de loto* (4), *Códice calixtino* (2) e *O paxaro na boca* (2) de Luz Pozo Garza; *Palabra no tempo* (1) e *Verba que comenza* (1) de María Mariño] están escritas por mulleres, un número que moi inferior á media de creacións masculinas.

Alén disto, case a metade das obras citadas nos manuais didácticos, concretamente 44, aparecen apenas exemplificadas nun ou dous manuais didácticos o que nos axuda a ver que a fixación do canon das composicións literarias é dinámico. Toda esta abertura poderase ver, con maior claridade, nas Figuras 8 e 9 colocadas a continuación. A primeira delas incluírá as composicións literarias que foron encontradas en tres ou máis libros de texto e, na segunda, as que só aparecen exemplificadas nun ou dous manuais didácticos. Aínda así, é relevante resaltar que, en moitas ocasións, preséntanse diversas obras dun mesmo autor ou autora, ou sexa, o canon non se presenta tan aberto como parece xa que os escritores/as e os repertorios na maioría das ocasións respétanse e, neste caso, o único que se pretende é unha maior representación de toda a composición literaria dos autores/as fixados.



Figura 8. Distribución das obras da posguerra que foron comentadas en entre 1 e 2 manuais didácticos de 4º de ESO
Fonte: Elaboración propia.




Figura 9. Distribución das obras da posguerra que foron comentadas en entre 3 e 15 manuais didácticos de 4º de ESO
Fonte: Elaboración propia.

Por outro lado, levando en conta ambas as figuras anteriores tamén se pode identificar que xénero literario é o máis representado polas pezas literarias que son propostas para actividade práctica polo grupo editorial. Unha vez máis, ao igual que na preguerra, a poesía volve a ser o xénero literario máis representado. Nesta ocasión, a diferenza que se presenta é maior xa que a máis da metade dos fragmentos localizados (54%) correspóndense con creacións poéticas de diferentes autores e autoras. Igualmente, na posguerra a narrativa segue sendo o segundo xénero máis representado (36%) e existen tamén, aínda que en menor medida, propostas de actividades prácticas con fragmentos de creacións dramáticas (7%) e de composicións ensaísticas (3%).




Figura 10. Distribución dos xéneros de posguerra que foron máis comentados nos libros de texto de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO

Fonte: Elaboración propia.

Canto aos repertorios, achamos tendencias as cales diferentes autores e autoras deciden dar continuidade neste novo período literario. Así, encontraranse distintos temas políticos e sociais que se incluírán dentro do repertorio do social-patriotismo e que servirán para facer referencia á realidade de situacións sociais determinadas como a emigración, o exilio e a morte en Galiza e, ao mesmo tempo, establecerán denuncias e críticas contra as inxustizas da sociedade galega do momento. Grande parte da produción literaria desta época

nace do exilio e da emigración, de aí que o social-patriotismo sexa un dos repertorios máis utilizados do período.

Por outro lado, tamén nacen unhas novas tendencias narrativas que se manifestarán baixo o nome de “Nova Narrativa Galega”. Con este novo repertorio introduciranse modelos culturais extranxeiros, nomeadamente franceses, e produciranse innovacións nas formas narrativas pola súa ruptura coa concepción tradicional de novela.

Alén destes dous repertorios, xurde un especial interese polo paisaxismo e dáselle especial relevancia á natureza. Esta categoría xa se encontraba presente no período da preguerra (Figura 6), mais o número de referencias que atopamos foi moito menor que na etapa que agora estamos analizando. Desta maneira, pode confirmarse a continuación do repertorio, mais acrecentando o seu nivel de uso por parte dos autores/as de mediados do século XX.

Do mesmo modo, ao igual que coa categoría do paisaxismo, tamén se conservan repertorios da etapa anterior e recoñecemos composicións onde se pode interpretar como repertorio principal o intimismo, o vangardismo, o humorismo, e a tradición que introduce temas como a tradición medieval a través da materia de Bretaña e do ciclo artúrico e, por outro lado, a materia do conto popular. Todo isto pode verse mellor reflectido na Figura 11, onde se mostra como repertorios máis estudados e analizados o social-patriotismo e a Nova Narrativa Galega.




Figura 11. Distribución dos repertorios da posguerra nos manuais didácticos de 4º ESO

Fonte: Elaboración propia.

3.3. O período da actualidade

O período da actualidade comeza, de forma xeral, coa morte do ditador Francisco Franco no ano 1975. Canto ao canon que conforma este período, unha vez realizada a análise dos quince manuais didácticos que compoñen a poboación, concluímos que o número de autores e autoras que forman parte do período da actualidade (1975 -) é moi elevado e, de feito, o canon conformado é bastante irregular. Os autores que máis se repiten son, como se pode ver na Figura 12, Méndez Ferrín (14), Manuel Rivas (13), Suso de Toro (13), Alfonso Pexegueiro (10), Darío Xohán Cabana (10), Vidal Bolaño (8), Xavier Alcalá (8), Carlos Casares (8), Víctor F. Freixanes (8) e Alfredo Conde (8), xa que aparecen en oito ou máis libros de texto. Aínda así, non hai ningún autor que se localice en todos eles, senón que Méndez Ferrín, que é o autor máis referido atendendo a nosa poboación, non se encontra na edición do grupo Anaya do ano 2008. Por outro lado, é importante destacar que non se presenta ningunha autora entre as personalidades con máis ocorrencias nos libros de texto, ou sexa, o papel da muller escritora non aparece representado na grande maioría dos libros de texto.




Figura 12. Distribución dos autores de actualidade con maior ocorrencia (≥ 8) nos libros de texto de 4º ESO.

Fonte: Elaboración propia.

Durante este período, o número de escritores e escritoras citados é moi elevado. Desta maneira, pódese confirmar nos encontrarmos cun canon aberto para o período da actualidade nos libros de texto de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO. Comezan a colocarse, nesta época, novas autoras como Marilar Aleixandre (7), Teresa Moure (6), Rosa Aneiros (3), Inma A. Souto (3) ou Fina Casalderey (3) que aparecen en entre tres e sete manuais didácticos. Por outro lado, tamén é importante sinalar que presentan continuidade no tempo María Xosé Queizán (4) e Xohana Torres (3) que xa foron localizadas, nalgúns manuais didácticos (Figura 7), no período anterior. Por outro lado, aínda que son menos estudadas pola súa escasa produción literaria tamén se encontran referenciadas autoras como Paula Carballeira (Xerais 2012, 2014), Pilar Pallarés (Rodeira 2008, 2012), Yolanda Castaño (Rodeira 2008, Baía 2016), María Reimóndez (Xerais 2008, Baía 2016) ou Luz Pozo Garza (Galaxia 2012, Xerais 2008), que son localizadas en dous dos quince manuais didácticos que conforman a populación. A última destas autoras, xa se atopou referenciada, tamén, no período da posguerra (Figura 7).

Todo isto, lévanos a ver que o número de mulleres que integran o canon literario é baixo e a que moitas destas autoras son referidas por moi poucos manuais didácticos. Por

outro lado, é importante sinalar que se mostran 28 autores e autoras que se atopan unha única vez na poboación deste traballo. A través desta análise vemos a abertura que existe neste período para a coincidencia na selección dos mesmos axentes nesta etapa tan actual.




Figura 13. Distribución de autores/as de actualidade que teñen entre 3 e 7 ocorrencias nos manuais didácticos de 4º ESO

Fonte: Elaboración propia,




Figura 14. Distribución de autores/as referidos até en dous manuais didácticos de 4º de ESO no período da actualidade
Fonte: Elaboración propia.

Atendendo as Figuras 13 e 14, reconécese que o número de autoras de que se atopa representación nos diferentes libros de texto é reducido. Ao igual que na preguerra e na posguerra, a presenza de escritoras no canon literario do período da actualidade é escaso. De 94 suxeitos que conforman o canon literario que se extrae da análise do corpus, só once (11,7%) son mulleres e ningunha aparece representada, cando menos, na metade dos manuais didácticos. Alén de todo o mencionado anteriormente, parece significativo salientar que existen tres autoras - Xohana Torres, M^a Xosé Queizán e Luz Pozo Garza - que comezan a producir obra literaria en galego na época da posguerra e que seguen a facelo após 1975. Alén disto, é importante sinalar o papel de Marilar Aleixandre que consegue ter presenza en 7 (Anaya 2007; Xerais 2008, 2012; Rodeira 2008, 2012 e Promocións culturais galegas 2008) dos 15 libros de texto que conforman a nosa poboación.

A mesma abertura que se mostra no canon dos autores e autoras escollidos para representar a época da actualidade, é a que se coloca en canto ao tipo de obras que se propoñen para comentario de texto para o alumnado de 4º de ESO. Na Figura 15 poderanse ver cales son as obras que máis se localizan nos manuais didácticos que conforman a nosa poboación e que datan dos primeiros anos deste período, desde 1975 até o ano 2000. A obra que máis veces se repite (aparece en 7 dos 15 libros de texto) é a peza narrativa *Tic Tac* de Suso de Toro. Como exemplo representativo das novas tendencias poéticas localízase en, polo menos 6 manuais, a obra poética *A torre da derrota* de Gonzalo Navaza ou *Das últimas mareas* de Ana Romaní.




Figura 15. Distribución das obras máis propostas para comentario de texto entre os anos 1975-2000 nos libros de texto de 4º ESO

Fonte: Elaboración propia.

Fora da sección das personalidades que conforman a parte teórica da literatura galega contemporánea após 1975, localízase Ana Romaní e Marta Dacosta de quen se presenta a obra poética como propostas para comentario de texto por diferentes grupos editoriais. Ambas as escritoras son localizadas en 5 manuais didácticos. De Ana Romaní só se recoñecen distintos fragmentos da composición poética *Das últimas mareas*, mentres que de Marta Dacosta aparecen referidas, alén de *Setembro*, outras creacións como *A princesa na torre* en Xerme (2012) ou *Pel de ameixa* en Promocións culturais galegas (2008).

Nas primeiras décadas do século XXI, identifícanse como máis repetidas só dúas obras narrativas *A banda sen futuro* de Marilar Aleixandre en Anaya (2008, 2012) e en Obradoiro (2008, 2012) e *Romasanta* de Alfredo Conde en Anaya (2008, 2012) e en Xerais (2008, 2012, 2014). O canon nas novas etapas do século XXI segue sendo igual de aberto e, de feito, documéntanse unha grande cantidade de novas composicións que aparecen só nun único libro de texto dos que conforman o corpus como é o caso de *Feminismos* de Olga Castro e María Reimóndez en Baía (2016), *Casa última* de Xulio López Valcárcel en Promocións culturais galegas (2008); *Sentinela, alerta!* de María Xosé Queizán en Xerais (2008); *Os cárceres do esquizo* de Inma A. Souto, *Canícula* de Mariña Pérez Rei, *O bululú*

do linier de Cándido Pazó, *Unha presa da terra* de Marilar Aleixander e *Eu que matei de melancolía ao pirata Francis* de Gonzalo Moure en Rodeira (2008); *Berlín* de María Lado e *Transilvania* de Manuel Lourenzo en Rodeira (2012); *Pan (libro de ler e desler)* de Estíbaliz Espinosa en Galaxia (2012); *A princesa na torre* de Marta Dacosta en Xerme (2012); *M-Talá* de Chus Pato en Tambre (2012) e *O pintor do sombreiro de malvas* de Marcos Calveiro en Anaya (2012); *Os ollos* de Xesús Pisón en Baía (2016); *Penúltimas tendencias* de Carlos Negro, *Levantar as tetas* de Lupe Gómez, *O son da xordeira* de Antía Otero, *Unicornios de cenorias que cabalgan os sábados* do Colectivo Ronseltz e *Recinto gris* de Leticia Costas en Anaya (2016). Todas estas obras que foron mencionadas fan parte dunha lista de composicións que aparecen unha única vez nos libros que conforman a nosa población de estudo e que fan referencia a unha representación bastante real do que é o canon literario dos materiais didácticos de literatura contemporánea de 4º de ESO. Alén diso, logo de analizar todas as composicións propostas para comentario de texto, verificamos que non son escollidos diferentes creacións dun mesmo escritor/a, senón que son seleccionados distintos autores/as tanto de poesía, como de narrativa, ensaio ou de teatro.




Figura 16. Distribución das obras de 1975 - 2000 máis propostas para comentario de texto nos manuais de Lingua Galega e Literatura de 4º ESO
 Fonte: Elaboración propia.




Figura 17. Distribución das obras de 2000 - máis propostas para comentario de texto nos manuais de Lingua Galega e Literatura de 4º ESO
Fonte: Elaboración propia.

Como se pode ver nas Figuras 16 e 17 aparecen fragmentos de composicións literarias de diversas autoras que non están presentes nas Figuras 13 e 14 que fan referencia aos autores/as estudados do período da actualidade. Isto dá-nos a entender que, aínda que non son estudadas de maneira teórica, as súas obras son presentadas en diferentes fragmentos como proposta para actividade práctica. Este é o caso de autoras como Chus Pato (*Dolmen*, *Nínive*, *M-Talá* ou *A ponte das poldras*), Olga Novo (*Nós Nus*), Lupe Gómez (*Pornografía* ou *Levantar as tetas*), Inma López (*Autopoética*), Begoña Camaño (*Circe ou prazér do azul*), Antía Otero (*O son da xordeira*), María Lado (*Berlín*), Mariña Pérez (*Canícula*), Estíbaliz Espinosa (*Pan (libro de ler e desler)*), Leticia Costas (*Recinto gris*), María Xosé Queizán (*¡Sentinela, alerta!*), Xela Arias (*Interpériome*) ou María do Cebreiro (*Os hemisferios*) de quen se representan diferentes fragmentos das súas obras nalgúns manuais didácticos da poboación analizada.

Aínda así, parece importante resaltar que as obras literarias de autoras como Marilar Aleixandre, Chus Pato, Pilar Pallarés, Marta Dacosta ou María Reimóndez e de autores como Vidal Bolaño, Méndez Ferrín, Carlos Casares, Suso de Toro ou Manuel Lourenzo, encontrámonas en diferentes manuais didácticos propostas para comentario de texto, por tanto, aínda que o canon segue estando caracterizado por unha maior abertura canto a obras do que autorías, é interesante resaltar que, en ocasións, empréganse distintas obras dun mesmo autor ou autora dependendo da editorial encargada da elaboración do material.

Seguindo as Figuras 16 e 17, que foron colocadas anteriormente, é relevante facer referencia aos xéneros literarios, resaltando cales serán os máis representados e, por tanto, cal será o tipo de texto máis proposto para comentario de texto para o alumnado de 4º de ESO.

Ao igual que no período da preguerra e da posguerra, a poesía volve a ser o xénero literario máis analizado e de que máis fragmentos se presentan. Neste caso, a metade das composicións literarias (50%) forman parte deste xénero. A narrativa segue sendo o segundo xénero máis estudado (35%), mentres que nesta etapa o teatro (15%) aumenta no número de representacións e o ensaio (1%), pola contra, diminúe até pasar casi desapercibido.




Figura 18. Distribución dos xéneros segundo as obras propostas para comentario de texto no período de actualidade nos libros de Lingua Galega e Literatura de 4º ESO
Fonte: Elaboración propia.

Comparando a Figura 18 do período da actualidade coa Figura 5 e 10, da preguerra e da posguerra respectivamente, podemos confirmar que a poesía e a narrativa seguen a ser os xéneros literarios máis referidos nos manuais didácticos que conforman a nosa poboación. Así, é relevante sinalar que na época de preguerra, a poesía (35%) e a narrativa (34%) contan cun reparto moito máis equitativo e equilibrado que na actualidade ou na posguerra, porque o teatro (22%) tamén aparece bastante referenciado. Na época da preguerra xa é o ensaio (10%) o xénero que menos veces se propón, por parte dos diferentes grupos editoriais, para comentario de texto, presenza que segue diminuindo até chegar ao 1% do período da actualidade. Por outro lado, tamén hai que indicar que o teatro na posguerra baixa até o 7% das propostas facendo acrecentar a presenza da poesía (54%), da narrativa (36%) e do ensaio (3%), mentres que na actualidade se desenvolve unha estrutura moi similar a da posguerra,

onde o teatro sube até o 15% facendo diminuír as aparicións da poesía (50%), da narrativa (35%) e do ensaio (1%).

Finalmente, aínda que a listaxe de autores/as e de composicións literarias é moi variada, o número de repertorios que recollen estas obras propostas para comentario de texto non é tan amplo. Co fin da ditadura, dentro da literatura tamén se produciron numerosas mudanzas. Entre elas, hai que sinalar o tratamento, por parte dos autores e autoras, de diferentes tendencias entre as que parece importante sinalar o feminismo. Este movemento político e social convértese no tema central de composicións de moitas escritoras que defenden o papel da muller na sociedade como ser humano libre e en igualdade de dereitos ao home. Do mesmo modo, móstranse novos repertorios como a literatura infanto-xuvenil (introdúcese, a través deste repertorio, o galego na escola), a narrativa bravú, a narrativa policial, a ficción e o experimentalismo e consérvanse outros como o intimismo, o historicismo, a tradición e o social-patriotismo que presentan continuidade no tempo, xa que son temáticas que xa eran cultivadas polos autores/as da preguerra e da posguerra. É importante sinalar que o repertorio que máis se documenta é o social-patriotismo que mantén centralidade nos tres períodos, ou sexa, as situacións sociais, políticas e culturais do momento seguen sendo o asunto de grande cantidade de creacións literarias, algo que xa era común na época da preguerra e posguerra e que se vai actualizando atendendo á problemática do momento en que son escritas as novas obras. Igualmente, a continuidade deste repertorio indica que a delimitación das etapas literarias non é cerrada e as mudanzas non se producen dun momento a outro. Por tanto, hai tendencias esenciais que non desaparecen, senón que mostran continuidade nas tres etapas literarias. Na Figura 19 aparecen documentados, por números de aparicións, os principais repertorios que foron identificados nos diferentes

fragmentos que foron propostos polas diferentes editoriais para comentario de texto para o alumnado de 4º de ESO.




Figura 19. Distribución dos repertorios de actualidade con máis ocorrencias nas propostas de comentarios de texto dos manuais didácticos de Lingua Galega e Literatura de 4º de ESO

Fonte: Elaboración propia.

Para concluír con esta análise contrastiva, é relevante colocar o papel da muller escritora durante as tres etapas literarias en que se divide a literatura galega contemporánea. Levando en conta as Figuras 3, 7, 12, 13 e 14 que fan referencia ao canon de autores/as da preguerra, da posguerra e da actualidade extraemos a idea de que as alusións e os usos de figuras e obras femininas son escasas.

Na Figura 20 que será disposta a continuación, poderemos ver como a presenza feminina foi aumentando no canon dos libros de texto que forman a nosa poboación co decorrer dos diversos períodos literarios. Así, será o período da actualidade o que máis figuras femininas teña referidas, mais aínda así parece importante mencionar o feito de que hai libros de texto que mencionan unha ou dúas figuras femininas na época da posguerra como

Obradoiro (2008, 2012) con Xohana Torres e non volven mencionar a ningunha autora. Alén diso, hai manuais como Xerais (2012), Rodeira (2012) e Baía (2016) que reforzan o peso das figuras femininas xa desde a época da posguerra coa introdución de diversas autoras. Outros libros de texto como Xerais (2008) tamén aumentan as referencias a autoras, mais só na época da actualidade. Por outro lado, tamén hai que sinalar que existen autoras como María Xosé Queizán, Xohana Torres e Luz Pozo Garza que aparecen no período da posguerra e dan continuidade á súa obra após 1975.




Figura 20. Comparación da distribución de autorías femininas e masculinas referenciadas na preguerra, posguerra e actualidade nos manuais didácticos de 4º de ESO.

Fonte: Elaboración propia

4. Conclusións

O traballo realizado integra unha análise xeral do tratamento que recibe a literatura galega contemporánea nos libros de texto de 4º de ESO. O principal obxectivo foi realizar unha primeira aproximación ao estudo do canon e dos repertorios da literatura dos séculos XX e XXI na materia de Lingua Galega e Literatura.

Canto á metodoloxía e ás ferramentas utilizadas para a realización do traballo, confirmamos a utilidade das táboas elaboradas para levantar e sintetizar os datos empíricos abstraídos dos quince manuais didácticos que conforman a nosa poboación e que serve de base para a realización deste estudo. Alén disto, verificamos a produtividade das follas de cálculo para a análise cuantitativa coa que se producirán as figuras e, por tanto, das gráficas cuantitativo-cualitativas que se elaboraron co obxectivo de amosar a información de maneira relacional.

Os manuais analizados dividen a literatura contemporánea en tres etapas -preguerra, posguerra e actualidade- e aquí centrámonos na análise do repertorios, autores/as e obras que máis se repiten nos manuais que forman a poboación. O traballo anterior é máis descritivo do que analítico, por tanto, pode actuar como introdución dun estudo crítico posterior, por exemplo, de autorías, obras e xéneros literarios. Alén disto, pode ser considerado como un traballo que serve para preencher déficits, porque non foron localizados, logo de consultar diferentes repositorios web, estudos precedentes que sirvan como base para a elaboración deste estudo. Para traballos futuros, debería acrecentarse aínda máis a análise relacional ou contrastar a información recadada cos contidos presentes na historiografía literaria, podendo pór o foco, tamén, noutros niveis educativos.

Respecto ao obxecto de estudo, é importante sinalar que o protagonismo da literatura nos libros de texto que foron analizados é menor que o da lingua, ou sexa, correspóndese, habitualmente, cun terzo da materia de cada manual. Por outro lado, encontrámonos nos manuais cun modelo historicista e enciclopédico no ensino e aprendizaxe da literatura galega contemporánea en 4º de ESO. Confirmamos que a sección literaria si divide en teoría

(autorías, obras, repertorios e estilos) e práctica con propostas para comentario de texto. Alén disto, reafirmamos a idea de que, nos manuais didácticos, as referencias dos textos literarios son moi inferiores ás dos coñecementos teóricos.

Este estudo partía da hipótese de que o período da preguerra e a posguerra contan cun canon máis estático mentres que a etapa da actualidade responde a un canon máis dinámico, que foi confirmada a través dun método empírico. Alén diso, extraemos a conclusión de que os manuais didácticos priorizan, nos tres períodos literarios, o ensino da poesía e da narrativa fronte o teatro e o ensaio. Igualmente, se levamos en conta o xénero dos autores/as que son referidos nos manuais didácticos hai que sinalar que na preguerra o número de escritoras é inexistente (Figura 3), mentres que na posguerra (Figura 7) comezan a presentarse minimamente (concretamente 4 (9,75%): M^a Xosé Queizán, Luz Pozo Garza, María Mariño e Xohana Torres) e na actualidade o papel das autoras vese moito máis acrecentado (Figuras 13 e 14).

Canto aos repertorios que máis continuidade teñen nas diferentes etapas literarias semella relevante sinalar o social-patriotismo, noutras palabras, as temáticas sociais e patrióticas como tendencia máis repetida, mentres que outros repertorios máis autónomos como o intimismo, o paisaxismo e o vangardismo son menos referidos, a pesar de mostrar continuidade nos tres períodos. Segue sendo a actualidade (1975 -) a época que máis innovacións introduce como a literatura infanto-xuvenil ou a narrativa bravú.

Finalmente, avaliamos positivamente os coñecementos informáticos adquiridos durante a realización deste traballo de fin de grao coa descuberta de novos programas cos cales nunca tratara e nunca foran utilizados até o momento, como por exemplo o *excell*. Este é

o caso das follas de cálculo, concretamente *excell* que utilizamos para a elaboración das 20 figuras que se localizan no estudo. Máis alá disto, adquirimos a capacidade de analizar, sintetizar e xerarquizar os datos máis importantes que foron abstraídos da lectura pormenorizada dos materiais que conforman a poboación. Por fin, é relevante sinalar que aprendemos a establecer diferentes categorías que nos levaron a clasificar a información abstraída e que, posteriormente, nos permitiron traballar sobre distintas follas de cálculo sen perder o fío e o principal obxecto de estudo deste traballo co que achegamos algún coñecemento novo sobre os materiais literarios fixados e valorados a través do sistema escolar na literatura galega contemporánea.

5. Bibliografía

Álvarez Ramos, Eva & Morán Rodríguez, Carmen (2016): “El canon literario en la clase: Reflexión e innovación docente”. Universidad de Valladolid.

Álvarez Villar, Noemí (2016): *Lingua Galega e Literatura, 4º ESO*. Vigo: Editorial Tambre - Edelvives.

Ares Vázquez, María Esther; Canal Covelo, María Asunción & Liñares Becerra, Eva (2008): *Lingua e Literatura Galega, 4º ESO (aula 360)*. Vigo: Editorial Tambre - Edelvives.

Asorey Vidal, Daniel (2008): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. Santiago de Compostela: Editorial Obradoiro.

_____ (2012): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. Santiago de Compostela: Editorial Obradoiro.

Díaz Castroverde Gómez, Fernando; Iglesias Rodríguez, Serxio & Liñares Becerra, Eva (2008): *Lingua e Literatura Galega, 4º ESO*. Vigo: Editorial Promocións Culturais Galegas.

Díaz Núñez, Celia & Seixo Pastor, Mercedes (2008): *Lingua Galega e Literatura: 4º Educación Secundaria*. Madrid: Editorial Anaya.

_____ (2012): *Lingua Galega e Literatura: 4º Educación Secundaria*. Madrid: Editorial Anaya.

_____ (2016): *Lingua Galega e Literatura: 4º Educación Secundaria*. Madrid: Editorial Anaya.

Even-Zohar, Itamar (2017): “Teoría de los polisistemas” en *Polisistemas de cultura*.
Tel Aviv: Universidad de Tel Aviv. Laboratorio de investigación de la cultura.

Fernández Paz, Agustín (2008): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

_____ (2012): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

_____ (2014): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Garrido González, Antonio (2008): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. A Coruña: Editorial Rodeira, Grupo Edebé.

_____ (2012): *Lingua e Literatura, 4º ESO*. A Coruña: Editorial Rodeira, Grupo Edebé.

López Viñas, Xoán; Lourenço Mórdia, Cilha & Vilariño Suárez, María (2016): *Lingua Galega e Literatura: 4º ESO*. A Coruña: Baía edicións.

Mariño, Ramón (2012): *Lingua Galega e Literatura, 4º ESO Secundaria: Proxecto Connecta 2.0*. Vigo: Xerme edicións, Grupo SM.

Muriano Rodríguez, M. M. & Mosquera Castro, E. (2019): “Palabras que moven o mundo: o ensino da literatura máis aló das aulas universitarias”, en De la Torre Fernández, E. (ed.) (2019) *Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe. III Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña.

Rábade Paredes, Xesús (1993): “A Literatura no ensino obrigatorio”. *Revista galega de educación*, 73-76.

Silva Valdivia, Bieito (dir.); Buela Piedra, Pilar; Loredó Guitiérrez, Xaquín; Morán de Castro, M. Carmen (2008): “Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación secundaria obrigatoria”. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Sullá, Enric (1998): *El canon literario*. Madrid: Arco Libros.

Vilavedra, Dolores & Monteagudo Henrique (2012): *Lingua Galega e Literatura: 4º ESO*. Vigo: Editorial Galaxia.

Xunta de Galiza (2007): “DECRETO 133/2007, de 5 de julio, por el que se regulan las enseñanzas de la educación secundaria obrigatoria en la Comunidad Autónoma de Galicia.”. Consellería de educación e ordenación universitaria. *Diario Oficial de Galiza*.

_____ (2015): “DECRETO 86/2015, de 25 de junio, por el que se establece el currículo de la educación secundaria obrigatoria y del bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia.” Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria. *Diario Oficial de Galiza*.

6. Anexo 1: Exemplo de táboa para a descrición dos materiais que conforman a poboación

Neste anexo é disponibilizada unha táboa como mostra da análise realizada durante todo o proceso de levantamento de información dos manuais para clasificarmos os principais datos abstraídos da poboación escollida. A táboa correspóndense coa edición do libro de texto da editorial Galaxia e servirá para coñecer de maneira sintética cales foron as principais achegas extraídas deste manual.

Bibliografía: Vilavedra, Dolores & Monteagudo, Henrique (coord.) (2012): *Lingua Galega e literatura, 4º ESO*. Vigo: Editorial Galaxia.

Táboa 1. Galaxia (2012). Fonte: Elaboración Propia.

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 1 (Introdución)					“¿Que te dije yo?”/ “Conductor” de Tic Tac (1993) de Suso de Toro “Secuencia A” de Tortillas para os obreiros (1996) de Fran Alonso. Fragmento da novela de A praia dos afogados (2009) de Domingo Villar	

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 2	Preguerra	Poesía	Xeración de 1925	Noriega Varela: <i>Montañasas / Do Ermo</i> Ramón Cabanillas: <i>No Desterro/ Vento mareiro / Da terra asoballada/ A rosa de cen follas/ Na noite estrelecida</i> Manuel Antonio: <i>De catro a catro</i> Álvaro Cunqueiro: <i>Mar do norde/ Poemas do si e do non</i>	“¡En pé!” A Luís Porteiro de <i>Da terra asoballada</i> (1917), Ramón Cabanillas “SÓS” de <i>De catro a catro</i> (1928), Manuel Antonio “Sol-por” de <i>Proel</i> (1927), Luís Amado “Por oír a unha rula decir amor...” de <i>Cantiga nova que se chama Riveira</i> (1933), Álvaro Cunqueiro	Tema social-patriótico. Agrarismo. Nacionalismo. Denuncia social. Tema da sociedade. Vanguardismo: creacionismo. Temática amorosa (vanguardismo) Vanguardismo Imaxinismo Neotrobadorismo
Tema 3	Preguerra	Narrativa	Nós Xeración Nós Editorial Nós Revista Nós Editorial Lar	Vicente Risco: <i>O porco de pé/ Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros/ O lobo da Xente/ A trabe de ouro e a trabe de alquitrán/ A coutada/ Os europeos en Abrantes.</i> Castelao: <i>Cousas/ Retrincos/ Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete/ Os dous de sempre.</i> Otero Pedrayo: <i>Contos do camiño e da rúa/ Os camiños da vida/ Arredor de sí/ A romería de Xelmírez.</i> Rafael Dieste: <i>Dos arquivos do trasno</i>	“O pai de Migueliño” de <i>Cousas</i> (1926; 1929), Castelao Ilustración: “A derradeira lección do mestre” de <i>Galicia mártir</i> , Castelao “O mapa de Fontán” de <i>Arredor de si</i> (1930), Otero Pedrayo	Problemática socioeconómica Nacionalismo galego

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 4	Preguerra	Ensaio Teatro	Irmandades da Fala Xeración Nós E s c o l a Rexional de Declamación Conservatori o Nacional de Arte	Vicente Risco: <i>O bufón d'El Rei/ Teoría do nacionalismo galego/ Nós; os inadaptados/ Mitteleuropa/ Leira</i> Castelao: <i>Os vellos non deben de namorarse/ Sempre en Galiza/ As cruces de pedra na Bretaña/ As cruces de pedra na Galiza</i> Rafael Dieste: <i>A fiestra baldeira</i> Ramón Otero Pedrayo: <i>Guía de Galicia/ Ensaio histórico sobre a cultura galega</i>	Fragmento de <i>A fiestra valdeira</i> (1927) de Rafael Dieste. Fragmento de <i>Sempre en Galiza</i> (1944) de Castelao.	Temática de identidade social: realidade da época Nacionalismo galego
Tema 5	Posguerra	Narrativa Teatro	N a c e <i>Galaxia</i> (1950)	Castelao: <i>Os vellos non deben de namorarse/ Sempre en Galiza</i> Eduardo Blanco Amor: <i>A esmorga</i> Xosé Neira Vilas: <i>Memorias dun neno labrego</i> Ramón Piñeiro: volumen <i>Filosofía da saudade</i> . Xoán Rof Carballo: <i>Mito e realidade da terra nai</i> Celestino Fernández de la Vega: <i>O segredo do humor</i> .	“Unha nova revolución na nosa lingua” de <i>Olladas no futuro</i> (1970), Ramón Piñeiro. “Desterrados” (fragmento) de <i>Na brétema, Sant-Iago</i> (1956) de Luís Seoane.	T e m a : sociolingüístic a (a situación do galego) Tema: a emigración dos galegos Miseria, silencio, morte e represión (censura)

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 6	Posguerra	Poesía	Xeración de 1936 Promoción de Enlace Xeración das Festas Minervais	Aquilino Iglesias Alvariño: <i>Cómaros verdes</i> Álvaro Cunqueiro: <i>Dona do corpo delgado/ Herba aquí e acolá</i> Luís Pimentel: <i>Sobra do aire na herba</i> Xosé María Díaz Castro: <i>Nimbos</i> Celso Emilio Ferreiro: <i>O soño Sulgado/ Longa noite de pedra</i> Manuel María: <i>Mar Maior</i> Méndez Ferrín: <i>Poesía enteira de Heriberto Bens/ Con pólvora e magnolias</i>	“Longa noite de pedra” de <i>Longa noite de pedra</i> (1962), Celso Emilio Ferreiro “Digo Moraima...” de <i>Onde o mundo se chama Celanova</i> (1975), Celso Emilio Ferreiro “Penélope” de <i>Nimbos</i> (1961) de Xosé María Díaz Castro “A fala...” de <i>Versos pra un país de minifundios</i> (1969), Manuel María “Courel dos tesos cumes...” de <i>Os eidos</i> (1955), Uxío Novoneyra “Chove nas veigas...” de <i>Os eidos</i> (1955), Uxío Novoneyra	Socialrealismo Intimismo (lírica amorosa) Compromiso social (coa lingua e con Galiza) Paisaxismo

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 7	Posguerra	Narrativa		<p>Carballo Calero: <i>A xente de barreira</i></p> <p>Blanco Amor**: <i>A Esmorga/ Os biosbardos</i></p> <p>Ánxel Fole: <i>A lus do candil/ Terra brava/ Contos da néboa/ Historias que ninguén cre</i></p> <p>Á l v a r o C u n q u e i r o: <i>Escola de menciñeiros/ Herba aquí e acolá/Os outros feirantes/ Merlín e familia/ As crónicas do Sochantre/ Se o vello Sinbad volvese ás illas</i></p> <p>Xosé Neira Vilas: <i>Memorias dun neno labrego/ Cartas a Lelo/ Aqueles anos do Moncho/ Xente no rodicio/ Querido Tomás/ Camiño bretemoso/ Historias de emigrantes/ Remuíño de sombras / Tempo novo</i></p>	<p>Fragmento de <i>Xente no Rodicio</i> (1965) de Xosé Neira Vilas</p> <p>Fragmento de <i>Si o vello Sinbad volvese ás Illas</i> (1961) Álvaro Cunqueiro</p> <p>Fragmento de <i>Á lus do candil</i> (1953) (adaptación), Ánxel Fole</p> <p>Fragmento de <i>A esmorga</i> (1959), Blanco Amor</p>	<p>Socialrealismo (realidade social dos campesiños/ mariñeiros/ poboación de clase baixa)</p> <p>Materia do conto popular</p> <p>Temática homosexual</p>

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 8	Posguerra	Narrativa		<p>Méndez Ferrín: <i>Percival e outras historias/ O crepúsculo e as formigas/ Arrabaldo do norte/ Retorno a Tagen Ata/ Elipse e outras sombras/ Crónica e Nós</i></p> <p>Mª Xosé Queizán: <i>A orella no buraco/ A mantía/ A semellanza/ Amor de tango/ Ten o seu punto a rosa fresca/ ¡Sentinela, alerta!</i></p> <p>Carlos Casares: <i>Vento ferido/ Cambio a tres/ Xoguetes para un tempo prohibido/ Os escuros soños de Clío/ Ilustrísima/ Os mortos daquel verán/ O sol do verán/ Deus sentado nun sillón azul</i></p> <p>Gonzalo Rodríguez Mourullo: <i>Nace unha árbore/ Memorias de Tains</i></p> <p>Xohana Torres: <i>Adiós, María</i></p>	<p>“O verdugo”, en <i>Percival e outras historias</i> (1958) (adaptación), Méndez Ferrín</p> <p>Fragmento de <i>A orella no buraco</i> (1965), Mª Xosé Queizán</p> <p>“Cando chegue as chuvias” en <i>Vento ferido</i> (1967), Carlos Casares</p>	<p>A Nova Narrativa Galega (ruptura co anterior: novas temáticas, novos estilos, novas técnicas)</p> <p>Experimentalismo</p> <p>Feminismo</p>

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 9	Actualidade (1975 -)	Poesía	Cravo fondo Rompente Xeración dos 80 Xeración dos 90	Méndez Ferrín: <i>Con pólvora e magnolia/ O fin dun canto/ Estirar o pe</i> A l f o n s o P e x e g u e i r o : <i>Seraogna</i> Luz Pozo Garza: <i>Concerto de outono/ Códice calixtino/ Prometo a flor de Loto/ Vida secreta de Rosalía</i> Uxío Novoneyra: <i>Os eidos/ Poemas caligráficos/ Do C o u r e l a C o m p o s t e l a/ Poemas da doada certeza / Dos soños teimosos</i> Xohana Torres: <i>Estacións do mar/ Tempo de ría</i> Antón Avilés de T a r a m a n c o s : <i>Cantos caucanos/ As torres do ar/ Última fuxida a harar</i>	“Reclamo a liberdade pró meu pobo” de <i>Con pólvora e magnolias</i> (1976), Méndez Ferrín. “As dúas adolescentes molladas polas chuvas de primavera” de <i>Seivas de amor e tránsito</i> (1984), Miguel Anxo Fernán-Vello “Hoxe estou en silencio xogando co pasado...” de <i>Setembro</i> (1998), Marta Dacosta. “Alba” de <i>Pan (libro de ler e desler)</i> (2000), Estíbaliz Espinosa.	Nacionalismo (Compromiso social e político) Feminismo

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 10	Actualidade (1975 -)	Narrativa		<p>Carlos G. Reigosa: <i>Crimen en Compostela</i></p> <p>Xavier Alcalá: <i>Latitude austral</i></p> <p>Antón Lopo: <i>Obediencia</i></p> <p>Méndez Ferrín: <i>Amor de Artur</i></p> <p>González Reigosa: <i>Irmán de Artur</i></p> <p>Darío Xohán Cabana: <i>Galván en Saor</i></p> <p>Víctor F. Freixanes: <i>O triángulo inscrito na circunferencia</i></p> <p>Xosé Fernández Ferreiro: <i>Agosto do 36</i></p> <p>Carballo Calero: <i>Scórpio</i></p> <p>Carlos Casares: <i>Deus sentado nun sillón azul</i></p> <p>Manuel Rivas: <i>Que me queres, amor?/ O lapis do carpinteiro/ As chamadas perdidas</i></p> <p>Suso de Toro: <i>Non volvas</i></p>	<p>Fragmento de <i>Galván en Saor</i> (1989) de Darío Xohán Cabana</p> <p>Fragmento de <i>Agosto do 36</i> (1991) de Xosé Fernández Ferreiro</p> <p>Fragmento de <i>Crime en Compostela</i> (1984) de Carlos G. Reigosa</p>	<p>Novela tradicional</p> <p>Novela histórica</p> <p>Novela policial</p> <p>Ficción científica</p> <p>Novela de aventuras</p> <p>Narrativa de viaxes</p> <p>Novela infantil e xuvenil</p> <p>Narrativa erótica</p> <p>Temática realista</p> <p>Materia de Bretaña</p>

	E t a p a literaria	Xéneros literarios	Institucións	Autores/as e obras	Proposta para comentario de texto	Repertorios
Tema 11	Actualidade (1975 -)	Teatro	O Facho Teatro Circo Teatro Popular Galego ou Auriense Creación do Centro Dramático Galego	Álvaro Cunqueiro: <i>Funcións de Romeo e Xulieta, famosos namorados/ O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca</i> Manuel Lourenzo: <i>Electra/ Todos os fillos de Galaad/ A ilusión de escena/ O avión paranoico/ Veladas indecentes/ Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forca</i> Euloxio Ruibal: <i>Zardigot/ Azos de esguello</i> Roberto Vidal Bolaño: <i>Laudamaco, señor de ningures/ Agasallo de sombras/ As actas escuras</i>	“Cochos” en <i>Cochos</i> (1992) (adaptación) de Roberto Vidal Bolaño	Compromiso social
Tema 12	Actualidade (1975 -)	Ensaio		Rosa Aneiros, Inma López, Teresa Moure, M ^a Xosé Queizán, Carme Blanco	“O escritor profesional” en “O que contei na Soborna” (tradución), Suso de Toro “O libro galego no ciberespazo” en <i>La Voz de Galicia</i> (15-11-2009), Víctor F. Freixanes “Sobre a escrita das mulleres” en “Escritoras e disidencia” (2005), Teresa Moure <i>Autopoiética</i> (fragmento), Inma López Silva	A profesionaliza ción e a literatura comercial Adaptación da literatura ao medio dixital A igualdade de xénero na produción: a muller escritora. Feminismo

